



Sociedade Gallega de Alergia e Inmunoloxía Clínica

NOTA DE PRENSA

Junta Directiva

Presidencia

Dra. C. Pérez Carral

Vicepresidencia

Dra. C. Marcos Bravo

Secretaría

Dra. A. Meijide Calderón

Tesorería

Dra. G.M. García
Álvarez-Eire

Vocales

Dra. C. Mogío
Dra. P. Méndez Brea
Dr. R. Núñez Orjales
Dr. L.A. González Guzmán

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2020

A Sociedade Galega de Alergolóxía e Inmunolóxía Clínica fai un chamamento de calma aos pacientes alérxicos e indica as diferencias a ter en conta entre alerxia e COVID-19.

Nestes intreos estamos a ver que os pacientes polínicos comezan a ter síntomas de rinite, conxuntive e asma. Para diferenciar estes síntomas dos da COVID-19 cabe destacar que na alerxia predomina o picor nasal e ocular, os esbirros e a rinorrea acuosa (moco transparente), namentres que na COVID-19 non está descrito o picor e os esbirros como síntomas, nin os síntomas oculares típicos da alerxia primaveral.

En canto ao asma, se reitera que os pacientes alérxicos deben facer o seu tratamento de xeito pautado para evitar complicacións e asistencia a urxencias innecesarias; pero en caso de empeoramento franco e febre asociada deben chamar aos números dispoñibles para descartar a COVID-19.

A tos é un dos síntomas comúns que pódese presentar tanto no asma alérxica coma na COVID-19 e para distinguir ambas entidades debemos fixarnos no resto da sintomatoloxía acompañante. Así na alerxia a tos normalmente está acompañada de síntomas nasais típicos como o picor, os esbirros e a rinorrea, que é acuosa, ademais os pacientes alérxicos responden de maneira axeitada aos antihistamínicos; namentres na COVID-19 non existe picor, esbirros, nin síntomas oculares e dificilmente pode solventarse con antihistamínicos.

De maneira xeral non existen datos de que os pacientes alérxicos presenten maior risco de contraer a COVID-19; pero insistimos no deber de cumprimentar o tratamento de maneira axeitada para evitar complicacións no caso de infección. O pulmón do asmático é máis susceptible de inflamarse durante as infeccións víricas, motivo polo cal a recomendación é a de extremar as precaucións para evitar contraer a COVID-19 e facer o tratamento pautado de maneira axeitada para evitar posibles crisis ou empeoramentos no caso de infección.



Sociedade Gallega de Alergia e Inmunoloxía Clínica

As diferencias máis chamativas entre alerxia e COVID19 preséntanse no seguinte cadro:

Junta Directiva

Presidencia

Dra. C. Pérez Carral

Vicepresidencia

Dra. C. Marcos Bravo

Secretaría

Dra. A. Meijide Calderón

Tesorería

Dra. G.M. García

Álvarez-Eire

Vocales

Dra. C. Mogío

Dra. P. Méndez Brea

Dr. R. Núñez Orjales

Dr. L.A. González Guzmán

ENFERMEDADES RESPIRATORIAS ALÉRXICAS	COVID-19
Non febre	Febre
Sensación de falta de aire que mellora cos inhaladores habituais	Sensación de falta de aire permanente que non mellora con inhaladores habituais
Picor nasal, ótico, palatino e ocular	Non hai picor
Esbirros, rinorrea acuosa	Non esbirros. Rinorrea mucosa ou purulenta
Lagrimo, hiperemia conxuntival (ollo vermello)	Non síntomas oculares
Non hai dor muscular, nin diarrea	Malestar xeral, diarrea, dor muscular

Dende a SGAIC queremos face un chamamento de tranquilidade aos nosos pacientes, insistíndolles no cumprimento terapéutico para controlar os síntomas derivados da alerxia ao pole neste inicio da Primavera e así evitar a confusión cos síntomas que se comparten coa COVID-19.

En caso de dúbida ante inicio de sintomatoloxía é importante que o paciente se poña en contacto co seu médico ou alergólogo responsable para un correcto manexo e axuste de tratamento.